



## **CIRCULAR 52-2020.** **II CONTROL VERÁN FGA - MENORES**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o II Control en Pista ao Aire Libre o día 19 de setembro, na pista de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.

**Art.2).** Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

<b>HORARIO PROVISIONAL II CONTROL VERÁN FGA</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>		<b>CONCURSOS</b>	
<b>17:00</b>	80 m.v. Sub 14	Homes	Pértega Sub 14-16-18	Mulleres
			Lonxitude Sub 14	Homes
			Peso Sub 16	Homes
<b>17:10</b>	80 m.v. Sub 14	Homes		
<b>17:20</b>	80 m.v. Sub 14	Mulleres		
<b>17:30</b>	80 m.v. Sub 14	Mulleres		
<b>17:45</b>	100 m.v. Sub 16	Homes	Peso Sub 16	Mulleres
<b>17:55</b>	100 m.v. Sub 16	Homes	Lonxitude Sub 16	Homes
<b>18:10</b>	100 m.v. Sub 16	Mulleres		
<b>18:20</b>	100 m.v. Sub 16	Mulleres		
<b>18:30</b>	500 Sub 14	Homes	Peso Sub 14	Homes
<b>18:38</b>	500 Sub 14	Homes		
<b>18:46</b>	500 Sub 14	Mulleres		
<b>18:54</b>	500 Sub 14	Mulleres		
<b>19:05</b>	600 Sub 16	Homes	Pértega Sub 14-16-18	Homes
			Lonxitude Sub 14	Mulleres
<b>19:15</b>	600 Sub 16	Homes	Peso Sub 14	Mulleres
<b>19:25</b>	600 Sub 16	Mulleres		
<b>19:35</b>	600 Sub 16	Mulleres		
<b>19:45</b>	1000 Sub 14	Homes	Xavelina Sub 16	Homes
<b>19:55</b>	1000 Sub 14	Homes		
<b>20:05</b>	1000 Sub 14	Mulleres	Lonxitude Sub 16	Mulleres
<b>20:15</b>	1000 Sub 14	Mulleres		
<b>20:25</b>	1000 Sub 16	Homes		
<b>20:35</b>	1000 Sub 16	Homes	Xavelina Sub 16	Mulleres
<b>20:45</b>	1000 Sub 16	Mulleres		
<b>20:55</b>	1000 Sub 16	Mulleres		

**\*500, 600 e 1000:** Realización segundo normativa a executar pola Comisión COVID19 da FGA, en aplicación das normas da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.



**Art.3).** Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable e o cuestionario de saúde asinados.

**Art.4).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) con licenza da FGA por algún Club pertencente a Galicia, ou atletas independentes con licenza pola FGA.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.

**Art.5).** **Limitación na inscrición:** Cada atleta poderá realizar un máximo de 2 probas, no caso de ser carreiras soamente unha poderás ser superior aos 300m.

**Limitacións na participación nos concursos:**

Concursos de lanzamento de xavelina e peso, 8 participantes e 4 intentos.

Concurso de salto de lonxitude, 10 participantes e 4 intentos.

Concurso de pérttega, 10 participantes.

**Art.6).** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 15 de setembro. Tendo en conta a situación económica dos clubs galegos, a FGA no establecerá cota de inscrición.

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre. O comité técnico utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal.

A aceptación dunha inscrición fóra de prazo será competencia do dirección técnica da competición, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada pola FGA. [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

**Art.7).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com


**Art.8).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.9).** O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa, para os/as adestradores/as e para un acompañante por atleta menor de idade, unha vez publicado o horario definitivo.

**Art.10).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.11).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 9 de setembro de 2020



FEDERACIÓN GALEGA  
DE ATLETISMO  
N.º 15103500  
Avenida Glasgow, 13 - Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña - Tel. 981 291 683  
www.atletismo.galego.org

**Carlos Castro Vicente**

**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**